

BASES DO CONCURSO PARA A ELECCIÓN DO CARTEL ANUNCIADOR DAS FESTAS PATRONAIS DE SILLEDA 2017

Primeira.- Poderán participar todas as persoas que o desexen sen límite de idade. En caso da participación de menores de idade, deberase de aportar autorización asinada polo representante legal

Segunda.- A temática do cartel deberá manter relación cas festas da vila.

Terceira.- Cada concursante poderá presentar dúas obras como máximo

Cuarta.- O cartel deberá conter necesariamente a seguinte lenda: “Festas Patronais de Silleda 2017”, do 6 ao 9 de xullo.

Quinta.- O cartel deberá adoptar forma vertical, en soporte ríxido e en tamaño DIN A3.

Sexta.- As obras serán orixinais e inéditas. Valorarase a orixinalidade nos traballos presentados así como a utilización de elementos emblemáticos destas Festas.

Sétima.- Entregaránse en sobre pechado e no seu interior os datos de identidade do autor, indicando Nome e apelidos, DNI, enderezo completo e número de teléfono.

Oitava.- Os traballos entregaránse na Casa da Cultura do Concello de Silleda de 09:00 a 14:00 horas hasta o 12 de maio de 2017.

Novena.- Outorgarase un único premio de 300,00 euros en vales de compra para gastar naqueles establecementos que aparezan no Libro de Publicidade das Festas de Silleda 2017.

Décima.- Os carteis presentados exporanse dependendo da dispoñibilidade de lugar e tempo. En todo caso, anunciarase con anterioridade.

Undécima.- O xurado estará composto por algún experto, representantes das diferentes asociacións ou grupos, membros da Comisión de Festas e outras persoas designadas por esta ao seu criterio. Non poderán formar parte deste xurado nin autores nin membros da súa familia.

Duodécima.-O fallo do xurado darase a coñecer o día 20 de maio de 2017 sendo a súa decisión INAPELABLE e IRREVOCABLE.

Décimoterceira.-O cartel gañador non será devolto ao seu autor, cedendo este os dereitos sobre o seu traballo á Asociación Comisión de Festas de Silleda, quen poderá reproducilo e facer uso do mesmo en calquera forma e tempo, con renuncia expresa polo autor de todo dereito que non sexa o o premio sinalado.

Décimocuarta.- Os traballos non premiados poderán retirarse no prazo de 15 días a partir da data do fallo do xurado. En caso contrario, a Asociación Comisión de Festas de Silleda disporá deles na forma en que considere oportuna.

Décimoquinta.-A participación no concurso implica a total aceptación das presentes bases.

Silleda, a 27 de marzo de 2017

ASOCIACIÓN FESTAS DE SILLEDA